

UGT PRESENTA O PRIMEIRO DE MAIO EN GALICIA QUE ESTE ANO VAISE CELEBRAR BAIXO O LEMA “POLO PLENO EMPREGO: MENOS XORNADA, MELLORES SALARIOS”

Redacción.- O secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, e a secretaria xeral do S.N. de CCOO de Galicia, Amelia Pérez, presentaron este mércores en rolda de prensa en Santiago as reivindicacións e os actos que ambos sindicatos teñen programados de cara ao Primeiro de Maio que este ano vaise celebrar baixo o lema “Polo pleno emprego: menos xornada, mellores salarios”.

Nesta rolda de prensa o secretario xeral de UGT-Galicia indicou que a lexislatura pasada foi unha lexislatura de reformas e avances nos que hai que seguir profundando nestes novos anos de xestión porque aínda queda moito por facer.

Aínda que a reforma laboral mellorou a calidade do emprego, as taxas de desemprego seguen a ser elevadas e hai que seguir traballando de cara ao pleno emprego. Engadiu que ambos sindicatos, nesta liña de traballo, apostan pola redución da xornada laboral, camiñar cara as 37,5 horas, e todo isto acompañado de mellores salarios porque a situación económica e os amplos beneficios empresariais así o permiten.

Tamén fixo fincapé no proceso de eleccións que está ás portas na UE. Ante o que os países da Unión e os seus traballadores e traballadoras xóganse moito, ou manter as políticas expansivas e de protección social e económica ou volver ás políticas de austeridade que tan malos resultados deron no pasado.

Gómez describiu un escenario económico no que se rexistran, tanto en España como en Galicia, sendos crecementos económicos, por enriba incluso do conxunto da UE, unha situación que debería permitir seguir mellorando as condicións laborais dos traballadores e traballadoras e situar a meta no pleno emprego.

Neste contexto, marcado ademais pola chegada dos fondos europeos, hai que apostar por un novo modelo industrial e enerxético. Pero todo isto debe facerse mediante o consenso, neste senso, indicou que UGT saúda, aínda que sexa tardía, a proposta realizada pola Xunta para un pacto pola enerxía e a industria. Así, adiantou que UGT comprométese a traballar, no marco do diálogo social, neste pacto por unha Galicia mellor.

En materia de emprego, Galicia segue a rexistrar algúns valores peores que as medias do Estado, como as taxas de afiliación á Seguridade Social ou taxas de actividade, polo que, tamén no marco do diálogo social, insistiu en que UGT aposta por potenciar os servizos públicos de emprego e mellorar as políticas activas de emprego.

A aposta pola revitalización do diálogo social en Galicia, que tan bos resultados deu no Estado, ten que ser clara e neste vai traballar o Sindicato, aclarou José Antonio Gómez.

Tamén amosou a súa preocupación polo que está a suceder en materia de sinistralidade laboral, con cifras inasumibles,



polo que urxe reforzar as políticas nesta materia e comezar a traballar xa nun cambio da Lei de Prevención porque o mundo do traballo mudou moito nos últimos anos e a lexislación ten que adaptarse a estes cambios. Outras materias pendentes son a redución da xornada, cara as 37,5 horas; avanzar na xubilación parcial e no contrato relevo.



LOCALIDADE	HORA	SÁIDA	CHEGADA
A CORUÑA	12:00	PRAZA DE A PALLOZA	PRAZA DE OURENSE
SANTIAGO	12:00	A ALAMEDA	PRAZA DA QUINTANA
FERROL	12:00	PRAZA DO INFERNIÑO	PRAZA DE ARMAS
LUGO	12:30	RONDA DA MURALLA (DIANTE DE SINDICATOS)	PRAZA DE ARMAÑA (SUBDELEG. DO GOBERNO)
OURENSE	12:00	PAVILLÓN DOS REMEDIOS	SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO
PONTEVEDRA	12:00	PLAZA DA FERREIRÍA	PRAZA DE ESPAÑA
VIGO	11:30	CRUZAMENTO DE URZAÍZ CON VÍA NORTE	EDIF. XUNTA EN CONCEPCIÓN ARENAL
VILAGARCÍA	12:00	PLAZA DE RAVELLA	PRAZA DE RAVELLA

CUN INCREMENTO DA SINISTRALIDADE LABORAL DO 7,12% EN GALICIA NO ÚLTIMO ANO E XA CON 12 FALECIDOS NO 2024, URXEN MEDIDAS REAIS E EFECTIVAS PARA POÑER FREO A ESTA SECUELA

Nos dous primeiros meses do ano en Galicia a sinistralidade, con respecto ao mesmo período do ano anterior, incrementábase nun 22%



Redacción.- Un ano máis, UGT-Galicia lamenta que o 28 de abril, Día mundial da seguridade e saúde no traballo, teña que celebrarse denunciando a secuela da sinistralidade laboral que continúa presente no mercado laboral galego. E este ano (dous primeiros meses, datos do Ministerio) arrancou, neste senso, con cifras moi negativas, cun incremento da sinistralidade laboral do 21,89% en relación ao mesmo período de 2023. Custa moito dixerir como ano tras ano continúan producíndose mortes por causas facilmente evitables.

As cifras están aí e demostran que a sinistralidade laboral segue a ser a gran secuela do mercado de traballo. No ano 2023 rexistráronse en Galicia, segundo os datos publicados polo ISSGA, 30.423 accidentes laborais, o que supón un incremento, dun 7,12%, en relación ó ano anterior, cando se contabilizaban 28.402 accidentes. Hai que precisar que todas estas cifras inclúen os accidentes “in itinere” e só os accidentes con baixa.

Deste total, 29.957 foron accidentes de carácter leve, 410 graves e 56 mortais.

Por sector de actividade económica (aquí só se detallan os sinistros en xornada, non os in itinere), agricultura acumulou no 2023 un total de 1.179 sinistros; pesca, 706; industria, 7.047; construción, 4.261; e servizos, 14.081. Dos mortais, 22 corresponden ao sector servizos, 10 á construción, 8 á industria, 3 á pesca e 7 á agricultura.

Territorialmente, é a provincia da Coruña a que máis accidentes rexistrou, 13.170 e con 24 mortais. Pontevedra rexistrou 10.662, con 18 mortais; Lugo, 3.277, con 8 falecidos; e Ourense, 3.314, con 6 persoas mortas durante a súa xornada laboral.

Infartos e outras patoloxías non traumáticas son as causas que ocasionan máis accidentes mortais. Urxen medidas que reduzan os riscos psicosociais

Dentro dos accidentes laborais mortais, 21 producíronse por infartos e outras patoloxías non traumáticas, o que representa o 42% do total, sendo os máis numerosos, segundo os datos facilitados polo ISSGA. Despois están as mortes producidas por choques ou golpes contra obxectos en movemento, con 12 persoas falecidas, o 24% do total. Caídas e golpes con esmagamentos contra obxectos inmóviles acumula 7 falecidos, igual cifra que os atrapamentos e amputacións. Dúas mortes producíronse por contacto con corrente eléctrica, lume ou substancias perigosas e unha por afogamento ou sepultamento.

Neste senso, UGT-Galicia demanda políticas que atendan á redución da incidencia dos riscos psicosociais entre a poboación traballadora, xa que tanto os infartos como os derrames cerebrais son patoloxías asociadas a este tipo de riscos laborais.

En canto ó índice de incidencia,

accidentes por cada 100.000 traballadores, en Galicia este foi no 2023 de 2.640,63. Este índice, no caso dos sinistros mortais, situouse no 4,84.

Tampouco se poden esquecer os accidentes de traballo nos que non foi necesaria a baixa, un total de 13.651 no 2023.

UGT denuncia a infradeclaración das enfermidades profesionais, sobre todo, nos cancros de orixe laboral con tan só dúas comunicacións en todo o 2023

Mención aparte merecen as enfermidades profesionais, con tan só 1.339 casos rexistrados en Galicia no 2023, tanto con baixa como sen baixa, segundo datos facilitados polo ISSGA, o que evidencia a súa infradeclaración. Deste total, 46 corresponden a enfermidades causadas por axentes químicos; 984 por axentes físicos; 61 por axentes biolóxicos; 170 por inhalación de substancias ou axentes; 76 enfermidades da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos apartados anteriores; e 2 por axentes canceríxenos. Para UGT, o procedemento de notificación e o rexistro son inoperantes, privando ás persoas traballadoras do recoñecemento da orixe laboral da súa enfermidade e do acceso ás prestacións ás que ten dereito. Ademais de ter un impacto directo na prevención porque o que non se rexistra non existe e, polo tanto, non se adoptan

medidas preventivas. E, se nalgún tipo de patoloxías é especialmente escandalosa a súa infradeclaración, é no caso dos cancros de orixe laboral.

Galicia rexistra 4.581 sinistros xa nos dous primeiros meses de 2024, un incremento do 22% en relación aos dous primeiros meses do 2023

Nos dous primeiros meses de 2024, segundo os datos do Ministerio, Galicia rexistrou un total de 4.581 sinistros (incluídos os "in itinere"). Destes, 4.503 foron leves; 72 graves; e 6 resultaron mortais. Aínda que xa sabemos que a día de hoxe o número de falecidos ascende xa a 12 polos datos recompilados polas novas publicadas, xa que as estatísticas oficiais, o Ministerio, os últimos datos que publican son os de xaneiro e febreiro.

Por provincias, A Coruña rexistrou 2.034 sinistros; Pontevedra, 1.541; 492 Lugo; e 512 Ourense. A distribución dos mortais, nos dous primeiros meses do ano, foi de 3 na Coruña e 3 en Pontevedra.

Por todo isto, UGT-Galicia demanda, este 28 de abril, que a seguridade e saúde no traballo sexan un dereito real e efectivo.

Lembrar que a finais dos anos 80 do pasado século os sindicatos estadounidense elixiron o 28 de abril como xornada en memoria das vítimas de accidentes de traballo ou de enfermidades de orixe laboral. Esta conmemoración estendeuse na seguinte década polo conxunto do movemento sindical internacional e terminou por dar lugar á declaración do Día internacional da Seguridade e a Saúde no Traballo por parte da OIT en 2003.

Este ano, UGT elaborou o manifesto co gallo do 28 de abril baixo o lema "A crise climática, un importante risco para a seguridade e a saúde no traballo". O Sindicato incide en como as transformacións que está a experimentar actualmente a humanidade impactan na forma de vivir, no mundo do traballo e na saúde da clase traballadora.

A transición demográfica, con sociedades cada vez máis envellecidas en occidente, debe terse en conta á hora de xestionar os riscos para a seguridade e saúde no traballo, sen perder de vista que son os máis novos os que rexistran as maiores incidencias en canto a accidentes ocorridos durante a xornada laboral.

A dixitalización do mundo do traballo tamén está a afectar á saúde das persoas traballadoras. A monitorización constante, a falta de desconexión, a intensificación do traballo, a redución da autonomía e determinación da persoa traballadora sometida á nova intelixencia artificial, acaban provocando serios problemas de saúde física e mental entre as traballadoras e os traballadores. A epidemia de saúde mental que aflorou nos últimos tempos non é allea a estes factores laborais. Neste día tan sinalado, desde UGT reitérase a necesidade de controlar que se garanta o dereito a contornas de traballo seguras e saudables.

Ademais, ponse o foco de atención, especialmente, na transición climática, cuxos efectos xa se están sentindo tanto na sociedade como na contorna laboral, sendo o noso país unha das áreas máis vulnerables, segundo os expertos. As altas temperaturas xa se cobraron a vida de traballadores e traballadoras. Isto obríganos como sociedade a converter a seguridade e a saúde no traballo nun dos piares das políticas públicas

de adaptación ao cambio climático. Por tanto, UGT reivindica unha maior prevención da exposición a temperaturas extremas nas empresas, pero sen esquecer outros fenómenos asociados ao cambio climático: fenómenos meteorolóxicos extremos, avance de enfermidades de transmisión por vectores, aumento da exposición a radiación solar...

Todos estes retos para a prevención de riscos laborais deben formar parte do debate na Mesa de Diálogo Social sobre Saúde e Seguridade no Traballo aberta, xunto coa mellora da calidade da xestión da prevención nas empresas, o subregistro de enfermidades profesionais, empezando polo cancro laboral e o reforzo do marco normativo para a prevención efectiva dos riscos psicosociais, entre outros. O que apunta, todo, á necesidade dun cambio da Lei de prevención que acompañe aos cambios do mercado de traballo.

Diálogo social en materia de prevención en Galicia

Á Xunta, UGT-Galicia esíxelle diálogo e medidas para erradicar esta secuela. Porque non pode esquecer a Administración galega o incremento da sinistralidade no último ano e o continuo goteo de sinistros mortais que se están rexistrando nas últimas semanas e que aínda non recolleron as estatísticas. A prevención debe situarse no centro e hai que facer da saúde laboral un dereito fundamental.

Como cada ano, UGT renova o seu firme compromiso de seguir traballando para conseguir acabar coa secuela da sinistralidade laboral, que a seguridade e saúde no traballo sexa un dereito real e efectivo e sitúese no centro de todas as políticas públicas.

NON O ESQUEZAS!! A COTA SINDICAL DESGRAVA

O borrador automático da declaración elaborado por Facenda non inclúe esta dedución, que pode supoñer un aforro na cota anual sindical de entre un 20% e un 35% aproximadamente. Así pois, terás que modificar o borrador para incluíla:

Cuadrícula 14: apartados declaración -> Datos económicos -> Rendementos do traballo -> Cotas satisfeitas a sindicatos.

En principio non é necesario ter o certificado da organización, só tes que poñer na declaración a cota total que pagaches ao longo do ano 2023 pola túa afiliación.



É O MOMENTO DE ENFRONTAR OS DESAFÍOS PENDENTES DO MERCADO LABORAL

Reducir o paro de longa duración e o emprego parcial involuntario, implementar a redución legal da xornada e seguir aumentando salarios

Redacción.- Os datos da primeira EPA do ano 2024 publicados hoxe rexistran unha caída trimestral do emprego do 0,7%, que se cifra en 8.200 persoas ocupadas menos, debido principalmente á estacionalidade propia deste período.

Pola súa banda, o número de persoas desempregadas rexistrou un aumento de 16.700 persoas. Consecuentemente, a taxa de paro incrementouse en 1,2 puntos, ata o 10,45%.

En termos anuais, o número de ocupados aumenta en 24.400 (un 2,2% máis) e o de persoas desempregadas redúcese en 3.400 (un 2,5% menos).

Respecto á calidade do emprego, a redución da temporalidade iniciada tras a reforma laboral proseguíu, situándose a taxa de temporalidade en 15,3 puntos para este primeiro trimestre do ano, 1,2 puntos inferior á rexistrada no trimestre anterior.

UGT considera que algúns aspectos que se extraen da información do INE son positivos, por exemplo que os empregos indefinidos continúan aumentando significativamente (neste trimestre fixérono en 9.900 persoas), o que permite que haxa maior seguridade laboral nos empregos. Con todo, o sindicato advirte de que en 2024 existen retos do mercado de traballo que aínda están presentes nos datos da EPA e que esixen unha corrección inmediata. Por unha banda, o paro de longa duración segue en valores moi altos, 43.100 persoas.

Para poder afrontar este problema estrutural do mercado de traballo, é fundamental que se reformen as políticas activas de emprego e que se incrementen os recursos económicos e humanos do SEPE, para que poidan levar a cabo unha orientación laboral personalizada que mellore a empregabilidade das persoas en desemprego.

Doutra banda, para facer do despedimento a última opción de axuste na empresa e aumentar a protección das persoas traballadoras, é crucial que se modifiquen as causas e custos do despedimento, de forma que se axusten aos criterios da Carta Social Europea Revisada, como esixiu UGT ante o Comité Europeo de Dereitos Sociais.

Posto que a creación de emprego marcha a bo ritmo e a calidade dos postos de traballo está a mellorar, un custo de despedimento disuasorio e reparador é unha máxima

para mellorar o funcionamento do mercado laboral e reforzar os dereitos das persoas traballadoras.

En resumo, é o momento de completar a transformación do noso modelo produtivo desde o ámbito laboral. Para iso, debe reducirse o paro de longa duración e o emprego parcial involuntario, á vez que se implementa a redución legal da xornada de traballo, coa perspectiva a medio prazo de alcanzar as 32 horas semanais.

Só afrontando estes desafíos cunha protección do emprego digna e unhas políticas activas eficientes lográbase consolidar unha economía máis avanzada, sostible e sólida.

Os datos amosan que hai en Galicia 24.400 ocupados máis con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior (un 2,2%) e, en relación ó cuarto trimestre de 2023, hai 8.200 ocupados menos, o que supón unha baixada do 0,7%.

Aínda así, aínda que a EPA amosa unha clara remisión dos efectos da pandemia, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 53,18%, fronte ó 58,63% do resto do Estado.

Interanualmente, o paro baixou en 3.400 persoas, o que supón o 2,5%. E, en relación ó trimestre anterior, o paro aumentou, un 14,5%, en 16.700 persoas.

Así, a taxa de paro queda en Galicia, con 131.600 persoas desempregadas, no 10,45%. No caso dos homes esta taxa é do 10% e do 10,92% no caso das mulleres. Entre os menores de 25 anos esta sube ata o 28,02%.

Por sectores, interanualmente, o emprego mellora en todos, na agricultura e pesca, cunha suba da ocupación dun 7,9% (5.500 ocupados máis); no sector servizos, cun aumento do 0,5% (4 ocupados máis); na construción, cun incremento do 3,6% (2.800 ocupados máis); e na industria o aumento foi do 7,5% (12.200 ocupados máis).

Con respecto ao trimestre anterior, a ocupación sube na agricultura, un 0,5% (500 persoas ocupadas máis); e na construción,



un 4,3% (3.300 persoas máis). Pola contra, baixa un 0,1% na industria (200 ocupados menos); e un 1,4% no sector servizos (11.600 ocupados menos).

Hai en Galicia un total de 919.200 asalariados, baixando con respecto ó trimestre anterior en 1.100 (0,1%), e ó ano soben en 25.700 (2,9%).

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que se sitúa no 15,3%. Dáse un aumento, en relación ao mesmo trimestre do ano anterior, da poboación asalariada con contrato indefinido, do 4,4%. En relación ao trimestre anterior, os asalariados con contrato indefinido subiron en 9.900 e baixaron os temporais en 11.000, o que supón unha diminución do 7,8%.

O que si hai que salientar é que a parcialidade segue a estar en niveis altos, do 13,67%, sendo o 45,5% da mesma de carácter involuntario.

Difícil situación para moitos fogares e 43.100 persoas paradas de longa duración. A protección social resulta imprescindible

Outro dos nubarróns da radiografía da situación do emprego en Galicia é a situación dos fogares e o paro de longa duración. Ambas situacións levan á vulnerabilidade de moitas familias.

Hai en Galicia un total de 49.900 fogares con, polo menos, unha persoa activa e non que todos os seus membros activos están en desemprego. E 24.100 fogares que non perciben ingresos.

Das 131.600 persoas que están no desemprego, 43.100 levan máis dun ano nesta situación.

Resulta evidente que o paraugas da protección social é imprescindible para que ningún quede atrás neste país.

POR UN PACTO GALEGO POLA INDUSTRIA

Redacción.- UGT Fica e CCOO Industria consideramos a industria, como xeradora de postos de traballo de calidade e en cantidade e compatible co medio ambiente. Solicitámoslle á Xunta de Galicia que convoque os interlocutores sociais, económicos e académicos para redactar e asinar un Pacto galego pola industria.

Pedimos a todos os axentes sociais do noso país un traballo leal na procura dun proceso de desenvolvemento industrial en Galicia.

No marco da economía circular, da transición enerxética e industrial, e ao abeiro do pulo derivado do proceso iniciado polas institucións europeas de busca da reindustrialización de Europa, debemos ser conscientes de que Galicia ten os recursos para converternos nunha potencia da produción de enerxía renovable, o almacenamento de enerxía, a extracción de minerais estratéxicos e a produción industrial de bens

Contamos cun capital humano formado, con recursos naturais e infraestruturas aproveitables. Galicia ten as condicións para desenvolver unha sólida base industrial, sostible e moderna, que poda impulsar a sociedade cara un elevado nivel de benestar e desenvolvemento, á vez que pro-

textemos o noso entorno e combatemos contra o cambio climático, a perda de biodiversidade e outros problemas medioambientais que nos ameazan.

Estamos nun punto de inflexión histórico no que as alternativas son aproveitar a oportunidade de impulsar o noso desenvolvemento industrial, baseándonos nos nosos recursos naturais, ou deixala pasar e afundirnos na destrución do tecido industrial que queda; non podemos esquecer que a industria é o tractor fundamental da economía.

A clase traballadora debe poñerse mans á obra para contribuír e colaborar con outros axentes sociais e difundir a mensaxe a toda a sociedade de que precisamos unha nova revolución industrial. Debemos deixar claro que sen industria non hai futuro.

O desenvolvemento industrial de Galicia precisa dun gran acordo entre os axentes políticos, económicos e sociais, ao que as organizacións sindicais de clase debemos contribuír. Galicia ten capacidade para converterse nunha rexión industrial avanzada, competitiva e descarbonizada, capaz de reter e atraer talento e frear o proceso de despoboamento de amplas zonas do noso

rural. E debe aproveitala.

Temos confianza nos técnicos e avaliadores o servizo das Administracións Públicas que velan polo cumprimento de toda a normativa de protección medioambiental que se aplican os proxectos industriais. Temos uns técnicos de sobrada competencia e calidade.

Debemos traballar para evitar a perda do actual emprego industrial e para conseguir, como mínimo, a creación dos 18000 empregos industriais directos asociados aos proxectos actualmente en desenvolvemento en Galicia..

Os recursos naturais do país deben reverter no desenvolvemento económico e da calidade de vida de galegas e galegos, con respecto ao noso medio natural, ao noso patrimonio cultural e tradicións.

Os responsables dos proxectos industriais deben reparar calquera dano causado ao medio ambiente ou ás comunidades locais cando alcanzan a fin do seu ciclo de vida. E han colaborar activamente na busca de proxectos que poidan actuar como substitutos. Tamén han contribuír activamente no desenvolvemento das comunidades onde se implanten.

UGT FICA VIGO ALERTA SOBRE O ESGOTAMENTO DO SECTOR DA AUTOMOCIÓN

Insta á Xunta a que adopte medidas e ás empresas a que sacrifiquen parte das marxes de beneficios para investir e apuntalar o sector en Galicia

Redacción.- O sector da automoción a nivel mundial está nun proceso de reconfiguración moi importante, por un lado, esta todo o relacionado coa electrificación da mobilidade e, por outro, a concentración de poder dos grandes grupos que operan no sector.


Galicia foi quen, e fundamentalmente a Comarca de Vigo, de construír un polo da automoción de gran importancia, onde as sinerxias da empresa principal (STELLANTIS), os distintos provedores e o CTAG deron resultados positivos, pero, lamentablemente, levamos xa varios anos con síntomas de esgotamento, xa que a última implantación de certo calado dun provedor no noso territorio produciuse fai algo mais dunha década, coa chegada no ano 2012 da multinacional de estampación SNOB.

As últimas noticias publicadas nestes días non fan mais que incrementar a nosa preocupación. Que o CTAG anunciase a posta en marcha dun laboratorio para o co-

che eléctrico en Portugal, unido a que se sigue empurrando cara países de baixo custe, a os provedores, fanos pensar que se avexían tempos complicados a pesar das cifras positivas publicadas recentemente.

Os provedores apostan por países de baixo custe, o CTAG anuncia a posta en marcha dun laboratorio para o coche eléctrico en Portugal, país que na última década atraeu máis de 16 operadores e Galicia ningún, e o Goberno galego segue de mero espectador

O Goberno galego non pode seguir de mero espectador e baseando a estratexia industrial en meras declaracións de intención, xa que o resultado de dita posición o



que está a provocar na última década é que, mentres o norte de Portugal está a ser quen de atraer a inversión e localización de máis de 16 operadores do sector, en Galicia non se conseguiu ningunha.

[Continúa na páxina seguinte...](#)

...vén da páxina anterior.

Axudas Públicas

Dende UGT-FICA non estamos en contra de apoio público o sector, e mais, considerámolo indispensable, xa que os demais países así o fan, pero ese apoio ten que levar aparellado, indiscutiblemente, o compromiso das empresas co emprego e a calidade do mesmo, xa que as persoas traballadoras do sector levan moitos anos suplindo esta carencia de política industrial

con importantes sacrificios para que este sector siga sendo o que é a día de hoxe, un sector punteiro tanto a nivel nacional como internacional.

Para elo, a Xunta de Galicia tamén ten que trasladar aos grandes grupos empresariais que operan no sector que tamén teñen que estar dispostos a sacrificar parte das marxes de beneficios de cara a apuntalar o sector no noso país, e iso pasa por comprometer inversións, non potenciar a deslocalización e coidar as condicións de traballo dignas das persoas traballadoras que son as que fan posible día a día co seu

traballo e compromiso que estes poidan ter as cifras positivas que teñen.

Non podemos perder un minuto mais, dende UGT-FICA Vigo entendemos que é imprescindible despregar todas as capacidades que temos como país e, para elo, as administracións, e concretamente a Xunta de Galicia que ten as competencias en materia industrial, xa están tardando en convocarnos a unha xuntanza na que poidamos construír colectivamente unha estratexia que permita revertir a tendencia negativa que levamos e que se acelerará en pouco tempo se non se fai nada.

AS TRABALLADORAS DA LIMPEZA DA CORUÑA RECLAMAN O INCREMENTO SALARIAL PACTADO EN CONVENIO

Concentráronse nas oficinas de Eulen e Clece en demanda da revisión do 9,8% e o desbloqueo da negociación colectiva

Redacción.- Armadas coas súas fregonas amarelas, traballadoras da limpeza mobilizáronse este mércores na Coruña diante do Grupo Eulen e de Clece para reclamarlle á patronal que aplique de inmediato a revisión salarial do 9,8%, segundo o pactado no convenio, e que cese no seu bloqueo á negociación colectiva.

O convenio colectivo de edificios e locais da provincia da Coruña contempla -a final de vixencia- unha cláusula de revisión salarial pola diferenza do IPC con respecto ás subas anuais pactadas. Isto supón que no mes de xaneiro a patronal tiña que ter incrementado os soldos nun 9,8%, en cumprimento do asinado e como paso previo ao inicio da negociación do novo convenio.

Aínda que nunha xuntanza da comisión paritaria tanto a asociación provincial como a estatal recoñeceron esta diferenza, deixándoo por escrito nun acta, agora ASP-PEL négase a pagar, rexeitando incluso someterse a unha mediación e ameazando con dilatar a actualización do convenio durante anos.



Ante a negativa da patronal estatal a pagar, UGT e a CIG xa presentaron conflito colectivo en vía xudicial.

Polo convenio da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña están regu-

ladas unhas 12.000 persoas, a meirande parte mulleres que teñen condicións laborais precarias e que padecen unhas elevadísimas taxas de parcialidade, malia desempeñar unha actividade considerada esencial.

POR UN FUTURO SOSTIBLE: PROTEXENDO A NAI TERRA

UGT instou a tomar acción no Día Internacional da Nai Terra dun ano que podería ser o máis cálido desde que hai rexistros

Redacción.- O 22 de abril celebrouse o Día Internacional da Nai Terra, unha xornada dedicada a reflexionar sobre a importancia do noso planeta e a necesidade de conservar os seus ecosistemas. Con todo, este ano, a celebración tinguíase de preocupación e chamadas urxentes á acción.

A humanidade atópase nun momento crucial da súa historia. Dependemos da natureza para a nosa supervivencia, pero as

nosas accións están a sumila no caos. Como expresou o secretario xeral das Nacións Unidas, "a humanidade compórtase como o fillo delincuente da Nai Terra". Contaminamos o noso planeta, aniquilando especies e desestabilizando o clima coas nosas emisións de gases de efecto invernadoiro. Enfrontámonos a unha crise global marcada pola emerxencia climática, a perda de biodiversidade e a degradación do medio ambiente.

Os científicos advirten que 2024 podería converterse no ano máis cálido xamais rexistrado. As consecuencias do cambio climático intensificaranse se non tomamos medidas urxentes para reducir as nosas emisións e protexer o noso fogar común. Debemos actuar rapidamente para reducir a contaminación, protexer os ecosistemas, diminuír a perda de biodiversidade e mitigar os impactos e o quecemento global.

O PARLAMENTO EUROPEO CONFIRMA UNHAS REGRAS FISCAIS CURTAS DE MIRAS E IRRESPONSABLES

UGT censura que a nova política fiscal pon en serio risco a consecución das prioridades socioeconómicas da UE

Redacción.- O pleno do Parlamento Europeo aprobou este martes as novas regras fiscais que limitan o déficit e a débeda pública, un marco que obrigará aos países a retomar a disciplina fiscal para sanear as súas contas. En concreto, esixirase unha redución cuantificable do 1% sobre o PIB da débeda para os países que superen o cociente do 90%, e do 0,5% para os países que se sitúen entre o 60% e o 90%, sen ter en conta posibles períodos de recesión económica.

Ademais, a Comisión vixiará o cumprimento da senda de axuste e poderá expedientar aos Estados membros se non é o caso. A reforma reduce a contía das sancións, que será dun 0,05 % do PIB cada seis meses, pero prevé unha aplicación máis automática das mesmas para evitar que se repita a situación do marco actual, cuxas multas son tan avultadas

que na práctica non chegaron a utilizarse.

Desde a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores alertouse, en innumerables ocasións, do perigo que supón volver a unhas regras que permitan o desprezamento dunhas políticas lideradas pola austeridade e da necesidade de colocar o investimento en pé de igualdade coa redución da débeda.

Por iso, UGT, xunto a outras organizacións sindicais, solicitará expresamente ás e os eurodeputados que rexeiten este acordo, o cal pon en serio risco a consecución das prioridades socioeconómicas de Europa, que se enfrenta a un reto de investimento crave para o desenvolvemento da dobre transición, e a un déficit de investimento de 192 mil millóns de euros anuais en infraestrutura social, segundo cifras da propia Comisión.

Con todo, a aprobación pecha a porta a unha renegociación posterior ás eleccións europeas, que culminará na inclusión dalgunha “regra de ouro” que excluíse do cómputo de gasto os investimentos destinados ás transicións dixital e ecolóxica, á blindaxe do estado de benestar e ao reforzamento dos servizos públicos, así como o aumento dos ingresos a través dun reforzamento da fiscalidade xusta.

Así pois, con este acordo, en 2027, cando as novas regras fiscais estean en pleno vigor sen o respaldo dos fondos de recuperación, a maioría dos Estados -entre eles Alemaña, Francia, Italia, España ou Polonia- volverán verse na obrigación de levar a cabo recortes que terán un efecto directo na deterioración da calidade da educación, a sanidade ou os servizos públicos.

A DIRECTIVA SOBRE TRABALLO EN PLATAFORMAS RECIBE A LUZ VERDE DA EUROCÁMARA

UGT celebra o acordo, nacido dos esforzos do movemento sindical, que servirá para atallar a precariedade e regular o futuro do emprego

Redacción.- Esta directiva, acordada provisionalmente polo Parlamento e o Consello en febreiro, foi apoiada por 554 eurodeputados e eurodeputadas, 56 votaron en contra e 24 abstivéronse. A falta da adopción formal por parte do Consello, pecha o proceso legislativo dunhas normas que pretenden garantir que as persoas traballadoras de plataformas teñan a súa situación laboral correctamente clasificada e corrixi-las e os falsos autónomos. Tamén regula, por primeira vez na UE, o uso da xestión algorítmica e a intelixencia artificial no lugar de traballo. Unha norma inspirada no acordo que as organizacións sindicais promovemos en España a través do Diálogo Social, a coñecida como a Lei Rider.


O acordo sobre a Directiva relativa ao traballo en plataformas introduce unha presunción de relación laboral que se activa cando se dan feitos que indican control e dirección, de acordo coa lexislación nacional e os convenios colectivos, e tendo en conta a xurisprudencia da UE. Así mesmo, obriga aos países a establecer unha presunción legal refutable de emprego a nivel nacional, co obxectivo de corrixi-lo desequilibrio de poder entre a plataforma e a persoa traballadora, recaendo a carga da proba na pla-

taforma.

Por todo iso, desde UGT consideramos que a aprobación dunha directiva que establece un conxunto de principios de alto nivel sobre cando as persoas traballadoras de plataforma deben ser consideradas empregadas, pero deixa que os Estados membros decidan os detalles, asegura que ata 40 millóns de traballadores e traballadoras de plataformas en Europa eleven as súas condicións laborais en dignidade e xustiza.

Novas normas sobre xestión algorítmica e de transparencia e protección de datos

As novas normas garanten que unha persoa que realice un traballo nunha plataforma non poida ser despedida ou cesada por unha decisión tomada por un algoritmo ou un sistema automatizado de



toma de decisións. No seu lugar, as plataformas deben garantir a supervisión humana das decisións importantes que afectan directamente as persoas que realizan o traballo de plataforma. Ademais, introduce normas que protexen de forma máis sólida os datos das e os traballadores de plataformas e mellora a transparencia ao obrigarlle ás plataformas para informar ás persoas traballadoras e aos seus representantes sobre como funcionan os seus algoritmos e como afecta ao seu comportamento ás decisións tomadas polos sistemas automatizados.

UGT ADVIRTE DO GRAVE RETROCESO DO EMPREGO FEMININO NAS NOVAS TECNOLOXÍAS

A porcentaxe de empresas con mulleres especialistas TIC descende máis de 11 puntos desde 2017 dando lugar a centros de traballo tecnolóxicos profundamente masculinizados



Redacción.- Con motivo da celebración do Día Internacional das Nenas nas TIC, promovido polas Nacións Unidas, UGT volve denunciar o ostracismo salarial, profesional e laboral ao que se están vendo sometidas as mulleres nos ecosistemas dixitais e relacionados coas novas tecnoloxías.

O sindicato leva máis dun lustro analizando a presenza e o papel das mulleres no emprego tecnolóxico e, lamentablemente, constata que a representación das mulleres nas contornas tech non só non creceu, senón que descendeu ostensiblemente xa que, segundo os datos da Enquisa sobre o uso de TIC e do comercio electrónico nas empresas 2023, publicados polo INE, a porcentaxe de empresas con mulleres especialistas TIC no seu persoal descendeu máis de once puntos desde 2017 (do 50% ao 38,73% actual).

Esta tendencia dá lugar a centros de traballo tecnolóxicos profundamente masculinizados onde só un 8% das tech presenta paridade de xénero en 2023 (a mesma cifra que en 2019) e rexístrase menos dunha muller por cada catro postos profesionais relacionados coas TIC.

Ademais, se se desagregan os datos por especialidades, a dimensión do problema faise máis que palpable, xa que só un 0,64% do total de expertos en IA do noso tecido produtivo son mulleres, a porcentaxe de mulleres especializadas en Ciberseguridade apenas supera o 1% do total e menos do 2% do total de profesionais do Cloud computing son mulleres.

As cifras difiren moito segundo o tamaño da compañía, de feito, as empresas con menos de 10 persoas traballadoras constatan maior presenza de mulleres, superando a PEMES e grandes compañías debido a que a porcentaxe de mulleres especialistas TIC nas microempresas supera por tres puntos ao das grandes empresas (31% por 27%); a presenza de expertas en IA nas empresas máis pequenas triplica ao das empresas con máis de 250 persoas (2% vs. 0,46%).

As condicións que ofrecen as grandes non atraen o talento feminino

Que as empresas máis pequenas sexan as que maior presenza feminina acumulan, dentro do emprego tech, pode vincularse ao fracaso das

grandes compañías á hora de atraer talento feminino, ao ser incapaces de construír ofertas de traballo con auténtica proxección salarial e profesional, acompañadas de políticas de conciliación corresponsable, o que acaba facendo que as mulleres aposten por empresas máis pequenas, e ao cabo concienciadas (tipo startups e semellantes).

As consecuencias competitivas para a nosa economía son sombrías situando a España no posto 18 en porcentaxe de especialistas TIC sobre o total de emprego mentres que descendemos tres postos na porcentaxe de mulleres profesionais das novas tecnoloxías, para situarnos na vixésima posición.

En definitiva: as empresas españolas renunciaron ao recrutamento feminino en postos relacionados coas novas tecnoloxías, ancorándose nas coñecidas escusas sobre a falta de talento nas fases educativas, cando a realidade laboral das tecnólogas españolas é lamentable con salarios sempre máis baixos que os homes, moitos máis obstáculos para crecer profesionalmente e un clima de traballo discriminatorio e que convida as mulleres a abandonar as súas carreiras se desexan ser nais.